



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Instrucción 4/2021 sobre xestión horaria

A presente Instrucción dítase ao abeiro do disposto no artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

1. Antecedentes

O día 13 de marzo, a Xunta de Galicia, publicaba no DOG núm. 50 bis), a *Resolución do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.*

Ao día seguinte, o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE núm. 67 da mesma data do Goberno do Estado, declarou o estado de alarma.

Entre as medidas que se adoptaron por esta alcaldía, durante a situación de crise sanitaria, foi a suspensión do sistema de control horario vixente ata o momento por mor do cumprimento das prevencións sanitarias obrigatorias.

A partir do mes de abril deste ano, a Deputación Provincial da Coruña desenvolve un Proxecto para a implantación e mantemento dun sistema de control de presenza nos concellos da provincia da Coruña, solicitando o Concello de Bergondo a súa adhesión ao mesmo.

O novo sistema que se desenvolve a través das aplicacións de TEMPONET e eTEMPO é non só un sistema de control horario senón de xestión horaria que suporá, nun futuro, un sistema de xestión de vacacións, permisos e licenzas de todo o persoal.

O acceso realízase dende a intranet da Deputación Provincial, na dirección <https://www.dacoruna.gal/intranet-concellos/portada>

Os manuais e guías os encontraredes na dirección: <https://www.dacoruna.gal/soporte/concellos/horario/portada> en concreto, eTempo usuarios, cun video explicativo e tempo mobile, como xa se vos avanzaba no correo electrónico remitido o pasado 17 de decembro de 2021.

Considerando que agora trátase de iniciar a súa posta en marcha por parte de todo o persoal municipal, tan só habilítase para fichar de entrada e saída, con independencia da futura incorporación das restantes funcionalidades. Ademáis o mes de xaneiro, considerarase como de proba, aos efectos de que todo o persoal se familiarice co sistema.

A presente instrucción non afecta de ningún modo a ningún aspecto da regulación da xornada laboral, materia ésta regulada no Acordo regulador do persoal funcionario e no Convenio Colectivo do persoal laboral vixentes.

2. Ámbito de aplicación.

As previsións contidas na presente Instrucción resultarán de aplicación a todo o persoal empregado público en todos os sectores administrativos e funcionais do Concello de Bergondo, co obxecto de levar un control horario.

3. Modo de fichar


- O novo sistema desenvólverase a través da aplicación **eTEMPO**. É o portal de xestión horaria que permite ao/á empregado/a público/a realizar fichaxes para indicar a hora de inicio e fin da súa xornada laboral.

Débense ler integramente as guías que tedes á vosa disposición na : <https://www.dacoruna.gal/soporte/concellos/horario/portada>, en concreto, eTempo usuarios, cun video explicativo e tempo mobile,

- Para acceder dende o voso PC á aplicación, os días de traballo presencial no Concello, o faredes dende a intranet da Deputación Provincial, na dirección <https://www.dacoruna.gal/intranet-concellos/portada>, accesos personalizados, á esqueda da pantalla Horario EELL: eTempo.

O voso usuario é o correo corporativo e a vosa contraseña é a que empregades para acceder á intranet da Deputación.

A opción que permite realizar os marcaxes de Inicio e Fin da xornada laboral: clicar sobre Entrada/Salida se accede á seguinte pantalla:



A fichaxe de entrada farase sempre coa **marcaxe sistema** e escollendo no “sentido de paso” se a marcaxe é de entrada ou de saída; senón se escolle, o sistema outorgará autormáticamente ás fichaxe impares de entrada e ás pares de saída. Escollido o sentido de paso, premerase o botón **guardar** e xa está.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

- Para fichar o persoal que non sexa de oficinas e o persoal de oficinas os días de traballo a distancia, deberedes descargar no voso teléfono móbil a aplicación **eTempo mobile**, tal e como se vos indica na guía que tedes á vosa disposición na intranet da Deputación e que esixe para o seu uso a xeolocalización.

Unha vez instalada a aplicación, o voso usuario é o correo corporativo e a vosa contraseña é a que empregades para acceder á intranet da Deputación.

Na propia pantalla principal xa da a opción de marcaxe de entrada ou saída, premendo o que corresponda, queda rexistrado.

4. Vixencia

A presente Instrucción entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2022.

O mes de xaneiro de 2022 considerarase de probas para que todo o persoal se familiarice co uso das aplicacións.

A presente instrucción será obxecto de difusión entre os/as empregados/as públicos/as mediante a súa notificación por correo electrónico corporativo e no Portal de Transparencia municipal.

Bergondo, 30 de decembro de 2021

A alcaldesa-presidenta

Alejandra Pérez Máquez